

ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA ASOCIACIÓN COSTA NOROESTE CELEBRADA O 21 DE DECEMBRO DE 2009

Na Casa Consistorial de Ferrol a 21 de decembro ás 17 horas e trinta minutos reuniuse a Comisión de Selección para a praza de Xerente da Asociación Costa Noroeste.

A Comisión está presidida por don Vicente Irisarri Castro e os seguintes vocais:

- Jose Luis Armada Castro
- Julio Iglesias Redondo
- Alfonso Ruano Prieto

Asiste como Secretario don Leopoldo Moure García.

Asunto: Praza de Xerente de Costa Noroeste

Na sesión celebrada o 22 de xullo de 2009 da Comisión de Selección para a praza de Xerente se produciu unha situación de empate a 30,5 puntos entre os candidatos don Francisco José Calvín Fondevila e dona Natividad González Laso.

Segundo os criterios de desempate aplicados polo Tribunal éste acordou resolver o desempate a favor da candidata dona Natividad González Laso.

Non obstante, e como consecuencia de diversas vicisitudes que tivo este proceso despois da dita data o Comité de Selección decidiu volver a revisar os expedientes referentes á formación destes dous candidatos, observando o seguinte:

Con relación ó expediente de Francisco José Calvín Fondevila se lle valoraron uns cursos de Doctorado como se fosen un Master cando en realidade debería ser valorado como curso. Queda acreditado no expediente de que o candidato a pesar de realizar os cursos de Doctorado non ten o título de Doctor.

Polo tanto, a valoración que se lle concedeu no apartado b) de formación de 3,20 puntos tería que ser 0 puntos mentres que a puntuación do apartado a) de

0,96 debería ser de 2,24 polo que a puntuación total en materia de formación de 4,16 pasaría a 2,24 puntos.

Así, a puntuación total obtida por Francisco José Calvín Fondevila sería de 28,74 puntos.

Examinado o expediente de dona Natividad González Laso se observa que se lle puntuou un curso de “Desarrollo Local y Comarcal” de 24 horas como un máster cando debería ser puntuado como un curso.

Polo que a puntuación sería: no apartado b) pasaría de 5,34 a 5,1 e no apartado a) pasaría de 0,20 a 0,28 puntos. Polo que a puntuación total no apartado de formación baixaría de 5,54 a 5,38 puntos.

Co que a puntuación total de dona Natividad González Laso sería de 30,5 puntos.

En consecuencia o Tribunal corrixe a puntuación da sesión de 22 de xullo de 2009 no sentido de que a puntuación final é a seguinte:

- Natividad González Laso: 30,5 puntos
- Francisco José Calvín Fondevila: 28,74 puntos.

En consecuencia procedese a nomear á persoa de maior puntuación, é dicir, dona Natividad González Laso.

A continuación o Tribunal volve a analizar os criterios polos cales se desfixo o desempate na sesión de 22 de xullo de 2009 e ratificándose no aprobado na dita sesión en base ó seguinte:

Entendendo que os criterios de desempate estaban pensados para non establecer un tope nos distintos apartados pero unha vez que se optou pola decisión de respetar o tope de cada un deles o criterio de desempate con relación ó idioma ten que ser o de valorar só os idiomas comunitarios dado que tal como están as bases da convocatoria o idioma galego é obxecto de valoración noutro apartado distinto do da formación.

Polo que o criterio de desempate ten que se o establecido no apartado de formación onde Natividad González Laso alcanzaba 5 puntos e Francisco José Calvín alcanzaba 4,16 puntos.

En definitiva, esta Comisión de Selección propón o nomeamento como Xerente de Costa Noroeste á candidata dona Natividad González Laso.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas e trinta minutos, de todo o que, como Secretario Xeral, DOU FE

O Presidente

O Secretario

D. Vicente Irisarri Castro

D. Leopoldo Moure García